

Un poema esquecido de Álvaro Cunqueiro

Xosé Henrique Costas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

COSTAS, XOSÉ HENRIQUE (2011 [1988]). “Un poema esquecido de Álvaro Cunqueiro”. *Dorna*: 14, 75-76. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/222>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

COSTAS, XOSÉ HENRIQUE (1988). “Un poema esquecido de Álvaro Cunqueiro”. *Dorna*: 14, 75-76.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

UN POEMA ESQUECIDO DE
ÁLVARO CUNQUEIRO
Xosé-Henrique Costas

Aínda son moi numerosos os poemas que Álvaro Cunqueiro nos deixou espallados por xornais e revistas da nosa terra e de fóra dela. Desgraciadamente non existe polo de agora un traballo serio e rigoroso de recollida de todo ese material para o incluír nunha vindeira reedición da súa obra poética completa. Así e todo, coidamos que sempre aparecerá algún outro poema novo agochado en calquera publicación.

Temos buscado pola nosa conta en xornais e revistas (*Alborada, Galiza, Galicia Emigrante, Nordés, Faro de Vigo, La Noche, El Pueblo Gallego, Papel de Color, Mensajes de Poésia*, etc.) e temos topado felizmente unha trintena dos seus poemas non incluídos na súa obra en galego completa⁽¹⁾. Destes "inéditos" chámamos moi especialmente a atención o poema que leva por título "A Dona Leonor de Castro, que dorme en Villalcázar de Sirga, no camiño dende o século XIII", que é, na nosa opinión, unha verdadeira xoia lírica dignísima de figurar nas "Cantigas do amor cortés" do libro *Dona do corpo delgado*.

Nesta cantiga volve o espírito de François Villon facer acto de presenza nas composicións cunqueiranas; teñamos moi presente que o noso Cunqueiro sentiu sempre unha especial inclinación por este poeta medieval francés, a quen leu desde moi novo, a quen logo traduciu, e de quen aprendeu a "mesturar nas cancións amor e melancolía", como el mesmo recoñeceu⁽²⁾.

Preciosa alfaia con fulgores de ouros varios é este poema que D. Ál-

varo lle adica a Leonor de Castro, nobre galega da Casa de Lemos que foi a dona do infante Felipe de Castela, fillo de Sancho IV. O corpo desta nobre galega xace á beira do seu esposo na igrexa de Villalcázar de Sirga, na Tierra de Campos palentina, lonxe da terra.

Por último, diremos que introducimos leves modificacións gráficas con respecto ó orixinal que aparece no *Faro de Vigo* con data 1/7/1964. As devanditas correccións consisten na engádega e supresión de acentos e na eliminación dalgún erro de imprenta que dificultaría a comprensión dalgún contido ("ter" por "ser", no verso terceiro do Envoi, por exemplo.).

Sen máis demora, ei-lo poema:

**A DONA LEONOR DE CASTRO,
QUE DORME EN VILLALCÁZAR
DE SIRGA NO CAMIÑO
DENDE O SÉCULO XIII**

Balada

*Sempre máis que os cabalos o corazón
[corre,
máis que o corpo mortal e a luz dos
[ollos,
máis que o vento.*

*¡Miña señor, amor é unha lei mui
[estreita!*

*Un país de rulas sae do teu corazón
misturado con bágoas quentes,
[quentes,
con herbiñas de aroma.*

*¡Miña señor, amor é unha lei mui
[estreita!*

É a hora de morrer e os salgueiros fan
[o pranto
no vado, onde a auga aínda se lembra
[dos teus pés,
dos teus beizos, que coidou eran unha
[mapoula.
¡Miña señor, amor é unha lei mui
[estreita!

Voltas a memoria ó lonxano país de
[color verde,
ó cheiro de mazá, ó reiseñor de Val de
[Lemos?
O sabor do primeiro bico volve
[amargue.
¡Miña señor, amor é unha lei mui
[estreita!

Envoi

Aloumiño a túa man feita de rosas e
[de frío.
Morta estás e ningunha canción pode
[anainarte.
Só desexo ser de pedra pra bicarte,
pra dondearte como co croio fai o río!
Morta estás. Vacante o corpo, a túa
[sorte está feita.
¡Miña señor, amor é unha lei mui
[estreita!

A.C.

NOTAS

- (1) Referímonos á *Obra en Galego completa. Poesía-Teatro*. Galaxia, Vigo, 1980.
- (2) ARMESTO FAGINAS, X.F., *Cunqueiro: unha biografía*, Xerais, Vigo, 1987, pp. 71.

